



Referentias

Xosé Lois García



VENTOALTO
P O E S Í A

EDICIONS
L'ÀIO VENTÓ



Autorretrato

Índice

Paisaxe interior (limiar para Referentias, de Xosé Lois García) ..	13
A casa onde eu estiven	25
A don Dinís rei e trobador.....	26
A Gabriel Aresti	27
Á moda de Manuel Bandeira	32
A muller vestida de sol.....	33
A pedra no camiño	34
A pedra que me manca no camiño	36
A PESTE (covid-19)	37
Á poeta Hiba Kamal abu nada asasinada aos 32 anos nos bombardeos de Gaza o 20 de outubro de 2023	40
A raíña propicia de Portugal	42
A saudade que me cerca en luz no pazo de Teixeira de Pascoaes	43
A Venus de Frejus nos xardíns do Dr. Pla I Armengol.....	44
A Walt Whitman.....	45
A Xosé Vázquez Pintor	47
Al-Mutámid de Sevilla.....	48
Aleijadinho.....	49
Ananín no <i>alegato contra casi todo</i>	50
Angela Davis a miña fraterna referencia	51

Angelo Giuseppe Roncalli (Xoán XXIII)	52
Antoni Gaudí no misterio de altas torres	53
António Conselheiro nos Reinos do Sertão	54
Ao grandíssimo Mário de Andrade.....	55
Ao poeta popular patativa do Assar	57
Asorey escultor da alma da Galiza enteira.....	58
Aspnais de lugo nunha visita colectiva.....	60
Attila József e os atrapados.....	61
Auga de manancial en vivo monte para Ibn'arabí, pero meogo e San Juan de la Cruz.....	63
Buda nas esculturas destruídas de Afganistán	64
Cántico fúnebre das sibilas para José Augusto Seabra na outra marxe.....	66
Canto general de todas as américas	67
Castelao palabra ansiosa e valiosa	68
Celso Emilio Ferreiro na memoria.....	69
Cintio Vitier onde Martí está.....	70
Compay Segundo en doce troba puntualiza.....	71
Con Ibn al-Zaqqâq bebendo viño na campía	72
Con Salvador García Bodaño entre os lousados de Compostela	73
Crónica de amizade com Herberto Helder baixando polo Chiado....	74
Curros Enríquez, Añón e máis eu procurando o divino sainete polos pasadizos do Vaticano	79

Dante Alighieri en Florencia procurado.....	0
Don Manuel Murguía pequeno de corpo e grande de esforzo	82
Dous luars tristes para Federico García Lorca	83
Eduardo Pondal Bardo das idades da nación galaica-lusa	85
En homenaxe a don Ánxel Fole entre a néboa e o labirinto	87
Entre o amor e a aflición, pola espiral de Lev Tolstói	88
Ernesto Che Guevara na revolución do poema.....	90
Eva e Adán John Milton e mais eu.....	93
Evocación a George Borrow	95
Exiit diluculo.....	96
Fernán González e O Cid	98
Forugh Farrojjad na luz dunha tarde cansada.....	99
Frantz Fanon na supervivencia do colonizado.....	100
Glória de Sant’anna nos claustros de Pemba	102
Grata cerimonia a Pepe Neira Vilas	103
“Habría que protexer esta luz” ida vitale	104
He mirat aquesta terra	105
Héitor Picallo Fontes ilustrador da miña metamorfose.....	107
Homenaxe a Alfonso Blanco torrado.....	108
Homenaxe ao pintor de Goián	109
Idea Vilariño no éxtase dun pranto	110
Ignotus, batendo na porta de Rosalía	111

Imitación do Popol Vuh	113
Inés de Castro nos campos do Mondego.....	115
Invocación á terra que non desterra (Terra – O Courel – Novoneyra)	116
Isaac Díaz Pardo conmemorando o seu centenario.....	118
Itziar no intermedio do escenario.....	120
Juan Gris cubista en París despois en Madrid.....	121
Kanaka Basa 100 anos de vida e morte (1509-1609) en Borada Shigan	122
Karl Marx: poeta	123
Langston Hughes os negros tamén son América	124
Lembrando as noventa e cinco primaveras ao redor de Avelino Pousa Antelo	125
Leopardi acóllome a teu cántico	129
Luciano de Samósata	131
Luís Veiga Leitão meu poeta.....	132
Mahatma Gandhi.....	133
Manuel Antonio e mais nós no diagrama indeciso	134
Marcabré no tempo renovado que aplaque contubernio.....	135
Marcus Accioly en tempos de misterio.....	137
Mário Quintana desculpa que che roube estes <i>dois</i> versos teus:	138
Martí entre rosas brancas	139
Michelangelo matizando abismos.....	141

Motivos de mar para Alfonsina Storni.....	145
Na morte da poeta Fiama Hasse Pais Brandão	147
Na morte de Jorge Oteiza.....	148
Na tumba de Ramon Llull.....	149
Nas escalinatas da casa do Seixo no silencio de António Nobre ...	150
Nâzim Hikmet no ardor do poema comunitario	152
Nesa duna encontrei a Rumi	154
No memorial de Charles Baudelaire, cos gatos, no cemiterio de Montparnasse	155
No memorial W. B. Yeats In Saint Stephen's green Dublín 2.....	157
No pasamento de Eugénio de Andrade (13 de xuño de 2005)....	158
No tránsito do códice de Luz Pozo Garza.....	159
Nos cánticos de Milarepa gurú espiritual do Tibet e Nepal.....	160
Nos reinos da negritude encontrei a Aimé Césaire	162
O cura de fruime emancipador das liberdades de Galiza.....	164
Observando as pinturas de Tiziano	166
Os nomes da harmonía no Tao Te Quing.....	167
Otto René castillo vámonos, patria a caminar	169
Raimon Vidal de Besalú.....	172
<i>Piazza San Pietro</i>	173
Poema a Cristina Mello, im memoriam a um ano do seu pasamento (27 de xaneiro de 2019)	175

Poema de censurados esa estirpe de poetas	176
Poema para Camilo Gómez Torres	178
Poetas chantadeses en íntima homenaxe.....	179
Pola liberdade dos escravos	187
Prisciliano asceta da miña alma	188
Quatro poemas para Fernanda e António José Queiroz	190
Rematou a musica sincréticaagora que será da pedra?	192
Resposta a unha casida de IbnArabi	193
Safo no costumeiro animado de Lesbos.....	194
Santa Teresa de Xesús e máis De Bernini	196
Saudades dun azul misterioso	198
Selomó Ben Mesul·lam de Piera poeta Xudeu de Cataluña	199
Shane MacGowan R. I. P.	200
Simone Weil Asertivamente convocante.....	201
Simonetta Cattaneo revestida de Venus	203
Sinead O'Connor no reloxo do seu pensamento.....	204
Sonetos gregorianos para Manuel María na súa infinidade	205
Suplencias dun poema Mapuche.....	207
Terra! miña matría.....	209
Veña ao país das brétemas.....	211
Xoán Xesús González no gume e no común da terra	213
Xosé Luís Méndez Ferrín e Bem Bella compartindo fisionomía....	215
Zentralfriedhof (cemiterio central de viena) con sinfónicos eternos	216

Paisaxe interior (limiar para Referentias, de Xosé Lois García)

É costume dicir/escoitar/ler que un poeta non pode selo as vinte e catro horas do día. Con toda a modestia, eu concordo, mais debo engadir que o poeta que se prece non pode deixar de selo en ningún dos trescentos sesenta e cinco días do ano.

Pormenoricemos isto unha miga máis, porque vai ser de importancia á hora de presentarmos este novo poemario do Xosé Lois. Calquera que queira escribir poesía ha de contar cunha sensibilidade activa que o faga reaccionar ante calquera motivo que lla esperte. A partir de aí o proceso de escrita varía. Pode darse no mesmo momento da reacción, como aquí se verá. O máis habitual é que, entre percepción sensible e a escrita, exista un proceso reflexivo durante o cal se escolle a forma que se lle ha dar ao poema. Proceso que pode contar con múltiples reescritas ata dar coa máis convincente. Evidentemente isto supón que entre a reacción e o seu resultado pode pasar máis ou menos tempo. E aquí quero salientar un aspecto que na maioría dos casos adoita pasar desapercibido á hora de explicar a creación poética. Refirome á capacidade de retención no tempo da sensación espertada pola sensibilidade ao motivo que sexa. Inclusive a reacción poética pode pular desde unha lembranza. Desde a lembranza de persoas, obxectos ou lugares.

Nas páxinas de **Referentias** atopamos poemas xurridos despois da visita a unha casa (Sophia de Mello Breyner Andresen), un mausoleo (Don Dinís), un pazo (Teixeira de Pascoães), xardíns (Pla i Armengol), unha praza (San Pietro), unha escultura ou pintura (Michelangelo, Tiziano, Bernini, Brueghel O Vello), unha cidade (Compostela), un cemiterio (Viena) e ditos sexan como exemplo non exhaustivo. Son lugares onde establece diálogos con persoeiros ou persoeiras que para el son referentes. Literarios, de humanidade, de loita

social ou como creadores de beleza (citemos na arquitectura a Gaudí) que o atinxiron. Pois o poeta sempre é un procurador de beleza. En dúas dimensións.

Primeiramente na súa busca constante en todos ou moitos dos aspectos que a poidan conter. Entendendo a palabra beleza no senso menos vulgar posíbel, pois tanto se pode achar no que dicíamos antes (persoas, obxectos, lugares) como no espírito de loita social en prol da xustiza sempre a carón dos que padecen (se queren algún exemplo véxase a ampla nómina de poetas pro palestinos ou galegos denunciante da escravización da Patria a mans dos casteláns e o seu españolismo mesetario (Celso Emilio Ferreiro, por sinal).

E en segundo lugar, que non menos importante, o poeta tamén é creador de beleza, beleza a través da palabra e desde múltiples solucións estéticas que máis adiante veremos. Enténdase tamén que en calquera dos casos existe un denominador común, o diálogo. Un diálogo que pode manifestarse como unha corrente de conciencia, termo habitualmente narrativo que tampouco debemos confundir co soliloquio ou o monólogo interior, posto que esta poesía do de Podente en definitiva é a narración do estado en que se atopa o eu poético. Mais tamén este diálogo adopta unha estrutura formal en que se ve con total claridade, por sinal cando dialoga cos poetas de Chantada desde a obra destes, por sinal xa que tampouco é a única variante. Máis adiante debullarémolo ao xeito, pois o aspecto formal deste poemario é moi rico.

Antes de continuar venenos á mente certo parecido co **Libro dos amigos** de Otero Pedrayo (Centro Gallego de Buenos Aires, 1953). Mais só é certo parecido, pois aquí ultrapasanse as intencións oterianas, redireccionándoas en extenso, xa que nas **Referencias** faise referencia aos seus referentes, xogo de palabras desde o cal nace o título deste poemario, deste singularísimo poemario, pois non lle achamos semellanzas nin con outros doutras autorías, e nin seque-

ra dentro do propio corpus poético do autor. Dicindo isto pódese entrever con clareza algo parecido á orixinalidade, a sabendas da prudencia coa que hoxe hai que manexar este termo, desde os miles e miles de anos nos que existe a creación poética.

Mais quero o insistir, outra volta, no libro de Otero Pedrayo. Ao longo da vida as e os poetas reciben múltiples influencias, teñen múltiples referentes. Mais isto debe ser entendido tamén *in lato sensu*. Xa que nas **Referencias** se poden achar tanto as que tematicamente ou estilisticamente se poden considerar influentes (Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Novoneyra, por dicir tres nomes) a outras, que non exclúen as anteriores, onde a camaradaxe adquire unha grande e significativa dimensión, rebelde, política, humana, afectiva. Rebelde, política, humana, afectiva, que sobordan as fronteiras temporais e tamén as xeográficas, pois nin unhas nin as outras empecen ou impiden que a voz poética de Xosé Lois García se sinta atinxida tamén como voceira da súa loita contra a opresión. Contra a opresión porque onde queira que se manifeste esta, e cando sexa, xera sempre vítimas que precisan, que agradecen, irmandade. Irmandade de corazón ancho e solidario, exemplar e vital. Aliás, fican aínda por mentar aquelas que pola calidade da súa obra fixeron vibrar as cordas emocionais do Xosé Lois.

En definitiva, estas liñas só perseguen o obxectivo de ofrecer unha imaxe da súa paisaxe interior, para o cal deberemos deternos nos nomes que a habitan. Iso si, coidando non caer no perigo de que este limiar torne nunha grande listaxe onomástica. Que é imprescindíbel, emporén o poemario é moito máis ca iso. E para sermos coherentes, a seguir trataremos o tamén moi rico aspecto formal.

Comezada a lectura axiña un se decata de que unha das fórmulas a utilizar consiste no diálogo intertextual con moitas das autorías aquí aludidas en homenaxe e recoñecemento. Tal

intertextualidade dialogante pódese concretar na alternancia de textos. Alternancia que tamén adopta diversas estruturas. A máis común en poesía consiste en incluír un paratexto inicial que adiante en parte o contido, a forma ou a intención do poema que se vai escribir; ou ben situalo a modo conclusivo, que aquí tamén atopamos no que alude a Buda. O primeiro poema xa é un exemplo intertextual (“Acasa de Sophia de Mello Breyner Adersen). Mais sendo este o procedemento máis común, en xeral, na poesía, non vai ser o único aquí. Pois chegados ao poema a Gabriel Aresti o diálogo presenta inicial seu, logo o poema de XLG, e tamén concluírá texto de Gabriel Aresti. Outra estrutura utilizada consiste nunha alternancia múltiple de textos, nunha especie de leixa-pren entre os do autor en homenaxe e os do poeta homenaxeante, o de Manuel Bandeira responde a este tipo.

Isto non sería posíbel se XLG non posuíra un grandísimo coñecemento tanto da persoa homenaxeada como da súa obra. E tamén opera como garante de que o ritmo expositivo será variábel, da mesma forma que o espazo ocupado polo poema (ou o verso) na folla en branco, o cal se agradece moito na lectura.

Porén a intertextualidade pode ser, e tamén é, con varias autorías, casos do poema no Cemiterio de Viena ou o dos poetas chantadeses. Outras veces a autoría homenaxeada figura no mesmo texto do poema e non no título, como se observa no de Drummond de Andrade. Ou no corpo do poema aparece a intertextualidade, como por exemplo con Rosalía de Castro.

Sendo poesía moi fondamente lírica, esta paisaxe interior tamén incursiona na narratividade, e pode contar acontecementos, como sucede no poema a Herberto Helder, no cal se dá conta dun encontro entre os dous poetas.

O aspecto evocativo é o que mellor define en xeral este poemario. Este poemario no cal é moi da miña compracencia a reivindicación de González Ananín (tan esquecido) e do

Marx poeta (tan pouco coñecido). Tal evocación pode aparecer de diversas maneiras; como conmemoración, como cerimonia, como homenaxe e mesmo como imitación. Evocación homenaxística que pode nacer a propósito dun aniversario, dun centenario ou dun pasamento, ou sinxelamente porque forma parte dos afectos referentes do autor, ou das referencias ás cales recoñece pola súa valía literaria, humana e/ou rebelde.

Estes tres conceptos (literario, humano e rebelde) están presentes na obra de XLG desde sempre, aparecendo con máis ou menos intensidade dependendo da temática propia dos poemarios. E son imprescindíbeis á hora de retratar un home, un poeta de expresión particularísima, dos que aínda teñen como referentes, nas tres dimensións citadas, a clásicos como Celso Emilio Ferreiro, Manuel María ou Uxío Novoneyra. Nomes senlleiros e egrexios na nosa poesía, sen cuxa achega non se pode entender a poesía galega do século XX. E desta arte XLG eríxese como a ponte necesaria entre a patriótica e rebelde do século pasado, e unha poesía galega do século XXI que, agás contadísimas excepcións, navega mares de augas calmas que parece que xa non avistan conflictividade social mentres a bota centralista nos esmaga. E isto que dixemos aínda o debemos ampliar, non só ao século XIX (Rosalía, Curros, Pondal) senón tamén á Lírica Medieval Galega, da que tamén é un excelente coñecedor e reivindicador dos trovadores das terras de Chantada, que, para máis, figuran tamén neste libro.

Mais a súa paisaxe interior de poeta consciente e inconformista, de voz que vai desde o aloumiño ao berro en protesto, tamén axudan, imprescindibelmente, a conformala autorías que non son galegas, e que se reparten por unha extensa xeografía e temporalidade onde a lusofonía ten un marcado protagonismo. Non en van é o mellor embaixador galego na lusofonía.

E é agora cando imos dar conta dos nomes que habitan **Referentias**. Só así se entenderá ben a enorme dimensión que se acada nesta memoria íntima en recoñecemento, gratitude e homenaxe.

Como o libro comeza cunha autora lusófona, é por aí tamén por onde vai comezar esta longa listaxe de remiten-
cias. A “casa de Sophia de Mello Breyner Andresen” non só alude á súa poesía, tamén á pintura de Maria Helena Vieira da Silva, segue Don Dinís, logo o diálogo con Manuel Bandeira, Drummond de Andrade, Teixeira de Pascoães, António Conselheiro, Mário de Andrade. Patativa do Assaré, José Augusto Seabra, João Guimarães Rosa, Machado de Assis, Graciliano Ramos, José Lins do Rego, Glória de Sant’Anna, Luís de Camões, Luís Veiga Leitão. Mário Quintana. Fiamma Hasse Pais Brandão, António Nobre, Eugénio de Andrade. Marcus Accioly, Cristina Mello, Castro Alves, Fernanda e António José Queiroz, Cecília Meireles, Vilma Galhego...

Ben quixera ter tempo para comentar algúns dos nomes menos coñecidos, porén debemos seguir, e iamos agora coas autorías galegas: Xosé Vázquez Pintor, Celso Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, Añón, Murguía, Ánxel Fole, García Bodaño, Neira Vilas, Héitor Picallo, Alfonso Blanco Torrado, Manuel María, Novoneyra, Méndez Ferrín, Xoán Xesús González, Manuel Antonio, Pero Meogo, Rosalía de Castro, Pondal, Luz Pozo Garza, Avelino Pousa Antelo, Castela, Díaz Pardo, Cura de Fruíme, Asorey, Camilo Gómez Torres, Ramón Caride Ogando e Maribel Iglesias Bandonedo, Federico García Lorca (mal que lles pese aos casteláns) Prisciliano...

Como se pode ir observando, e é lóxico, nestas listaxes non figuran só nomes de autoría literarias (sobre todo poe-
tas) pois o corazón en camaradaxe non se enche só de versos ou letras por moito que estes sexan moi importantes, nomes como o de Alfonso BlancoTorrado, Héitor Picallo, Murguía,

Prisciliano..., deslócannos para outras activismos culturais coa Patria Común servindo de eixo.

Porén a Galiza Escravizada non é caso único. Escravizadas, precisas de liberdade sente o noso autor outras irmandades sociais na procura de remisión. E aquí demos contar non só, por un sinal, casos como imperialismo dos EUA+Israel sobre Gaza (Hiba Kamal Abu Nada, ao que debemos engadir a reivindicación dos dereitos da muller) como aqueles países que obtiveron hai pouco tempo a liberdade, caso de Cuba (José Martí, Che Guevara, Nicolás Guillén, Compay Segundo, Miguel Barnet, Cintio Vitier) e outras terras suramericanas onde se produciron loitas ou reivindicacións humanas de tipo marxista ou socialista (Guatemala, Otto René Castillo e narrativa Popol Vhu; os Mapuches do Perú e JC. Mariátegui; Pablo Neruda en Chile, Ida Vitale e Idea Viariño no Urugai, Ben Bella en Alxeria; Sinead O'Connor e Shane MacGowan en Irlanda (Eire)..., e inclusive feminista (Alfonsina Storni, Arxentina) pois é unha liña moi mala de desleiar da anterior e nela podemos contar tamén Itziar Castro Rivadulla (Galiza), Simone Weil (francesa de nacemento), Ángela Davis nos EUA. Virginia Woolf (Inglaterra), a mesma Safo..., a elas deberíamos sumar outros nomes xa tratados na sección da lusofonía ou Galiza.

É de salientar a querenza de XLG pola filosofía oriental, cativado por unha maneira de explicar a vida moi diferente da Occidental. Aí atopamos a Mohatma Ghandi (tamén redentor político) e Buda na India, Kanaka Basa, Milarepa (Tíbet), Tao te Quing (China)..., e dentro súa incluír nomes do Oriente Próximo (Nazim Hitmet (turco) Jalulim Rumi (persa), Forugh Farrojjad (iraniana) e irnos achegando con Attila József (húngaro), Luciano de samósata (grego), Giácomo Leopardi (Italia), Marcabré (troador gascón), Ramon Llull (mallorquí-catalán), Ibn Al-Zaqqāq (Valencia) deica volvermos a nomes andalusí como Ibn Arabi, Ibn Al Selomó Ben Mesul Lam

Piera (xudeo catalán), Raimon Vidal de Bessalú (trovador catalán)... Residente en Catalunya, todo o que teña que ver co pensamento catalán déixalle pegada, desde Joan Margarit, a Salvador Espriu e tampouco lle é alleo o acontecido no País vasco (Jorge de Oteiza ou o comentado Gabriel Aresti).

E por fin os grandes clásicos, non só literarios: Walt Whitman, Dante Alighieri, Boccacio, Salvatore Quasimodo, Tolstoi, Jonh Milton, as Carmina Burana, Franz Fanon, Langston Hughes, Beaudelaire, W B Yeats, Santa Teresa de Jesús, San Juan de la Cruz, Albert Camus, François-Augustine Paradis de Moncrif, María Zambrano, George Borrow, Bertol Brecht, Mozart, Beethoven, Shubert, Strauss, Brahms, Erasmo.

Aliás a súa poesía tamén pode nacer e reflectir unha visita (Aspnais), algún acontecemento histórico ou personaxe (Santa Isabel de Portugal, Inés de Castro, Xoán XXIII) e tamén debemos contar coa Biblia (Apocalipse, María Magdalena, Eva) e as autorías de Chantada coas que dialoga (Airas Moniz de Asma, Diego Moniz de Asma, Fernán Paes de Tamalancos, Xohán de Requeixo, Avelino Gómez Ledo, Xulio de Abral, Xavier Costa Clavell, Xosé Antón Miguélez Díaz, Manuel Regal Ledo, Ángel López Guerra, Xosé María Costa, Alfonso Rey López, Paco Ledo, Antonio Costa Gómez, Pablo Rubén Eyré, Xosé M. Eyré, Anxo Boán Rodríguez, Amador Castro Moure, Ana María Gamallo, Raquel González Figueiras, Ramón Rodríguez Porto e Rafa Lovelle)

Son consciente de que quen figura nunha destas listaxes podería facelo tamén noutras, porén renunciei a facer excesivamente complexas as listaxes, pois a súa finalidade é amosar os vimbios os que se tecen estas **Referentias**, vixésimo sétimo a título individual de poesía en galego, puntualizamos en galego porque tamén se ten expresado en catalán e portugués.

Confiando en que estas liñas o retrataran como o poeta de palabra e puño alzados sempre na defensa da Patria, como o

poeta que vivindo no éxodo nunca deixou de levar a súa Terra no corazón e nos versos. No corazón e nos versos, sexan estes da expresión temática que foren. Sendo embaixador da cultura galega en Catalunya, en toda a lusofonía e alí onde pousar os pés. O libro é o suficientemente amplo como para debuxar unha paisaxe interior moi rica e escrita coa pericia propia dos grandes da nosa poesía. E isto hai que dicilo ben alto, pois xa resulta vergoñento que sexa máis e mellor apreciado na lusofonía que na Galiza. Por un sinal, é membro da União de Escritores Angolanos desde 1997; recentemente foi nomeado académico correspondente da Academia Angolana de Letras (2024). A Universidade Unicentro do Paraná (Brasil) dedicou dúas xornadas (2016 e 2017) ao estudo da súa obra. A súa obra completa conta cun amplo espazo na Biblioteca da Universidade Unicentro, co nome: “Acervo Literário de Xosé Lois García”, onde figura a súa ampla obra.

Lean.

Degusten os versos en maino remanso reflexivo

“Vellas oliveiras ás brancas casas espreitan.

Sombras antigas nos picaportas deliran.

Amodiño, a brétema bate e despois latexa

como unha ánima na congostra do desterro” (poema a Don Dinís).

Como fervenza en vertixe

“defenderei

a miña casa

devanceira

nesa sebe

demarcada

pola cerca.

Persistirei

en defender

a casa de un.

Persistirei

na defensa
total e libre
de GALIZA”. (poema en diálogo con Gabriel Aresrti)

Conscientes do seu espazo e ritmo no infinito

“Apaixonada Safo
 bríndame
 posturas
loucas costumes
 en fogo
 de tenruras
entrégame o éter
 da vibración
 do sexo
en tolas aventuras” (Poema a Safo)

Sempre libres e reivindicativos

“Don Manuel Murguía,
pequeno de corpo
e grande de esforzo.
Dador e construtor da Matria galega” (Poema a Manuel Murguía)

Destas **Referentias** que me coubo a honra de lles presentar

Xosé M. Eyré